



ATENDE

Agro

Prevención de RISCOS co TRACTOR,
a MOTOSERRA e a ROZADOIRA



Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral



GALICIA
inviste no RURAL



ÍNDICE

Prevención de RISCOS co TRACTOR, a MOTOSERRA e a ROZADOIRA

O tractor: requisitos e recomendacións	1 - 2
Enganche aos tres puntos do tractor	3 - 4
Envorcadura e esmagamento entre partes do tractor e o chan	5 - 6
Atrapamento pola toma de forza (tdf) e o eixe cardán	7 - 8
Seguridade viaria na condución	9 - 10 - 11
 A motoserra	 12 - 13
A motoserra – Tarefa de corte polo pé	14
A motoserra – Tarefa de derramado	15
A motoserra – Tarefa de torado	16
A motoserra - Elementos de seguridade	17 - 18
 A rozadoira	 19 - 20 - 21
A rozadoira - Elementos de seguridade	22 - 23
 Primeiros auxilios	 24 - 25
Danos na saúde	26 - 27 - 28
 Lexislación	 29

O TRACTOR: REQUISITOS E RECOMENDACIÓNS



LEMBRE!! UTILICE O TRACTOR UNICAMENTE PARA OS TRABALLOS PARA OS QUE ESTÁ CONCIBIDO

Alta no rexistro oficial de maquinaria agrícola (ROMA)



Ter a matrícula en bo estado e visible



Manter en bo estado e limpos os estribos, as escaleiras e as agarradoiras



Dispoñer de elementos de seguridade homologados: cabina, bastidor ou pórtico (atrasado ou adiantado)



Respectar o número máximo de pasaxeiros do vehículo indicado polo fabricante



Dispoñer e usar o cinto de seguridade



Subir e baixar de cara á cabina usando a escaleira e as agarradoiras e non baixar nunca en movemento nin saltar do tractor ao chan

O TRACTOR: REQUISITOS E RECOMENDACIÓNS



Os apeiros que se enganchen nos puntos de amarre e a carga serán adecuados ao tipo de tractor que se empregue



Realizar un adecuado mantemento: facer revisións periódicas dos puntos de enganche, dos freos, do estado das rodas, do embrague, etc



Todas as partes perigosas da máquina deben estar debidamente protexidas e os elementos de protección en bo estado. Exemplo: eixos de transmisión de forza, xuntas cardán, etc



Durante a época de perigo alto de incendios, nos traballos e outras actividades que se desenvolvan nos terreos forestais e zonas de influencia forestal é obrigatorio dispoñer de equipamento para extinción de incendios, dispositivos de retención de chispas e de dispositivos antilapas nos tubos de escape




É recomendable dispoñer de:

- . Caixa de primeiros auxilios
- . Chaleco reflector
- . Triángulos de perigo

ENGANCHE AOS TRES PUNTOS DO TRACTOR

Cómpre seguir os seguintes consellos para eliminar situacións de risco no enganche dun apeiro ao tractor

■ COMPOÑENTES BÁSICOS DO ENGANCHE AOS TRES PUNTOS:



■ RUTINAS QUE SE DEBEN SEGUIR NO ENGANCHE DO APEIRO

1. APROXIMACIÓN



Realizárase sempre dende o posto de condución



Non haberá ningunha persoa entre o apeiro e o tractor



Aproximar o tractor marcha atrás e ter como punto de referencia o terceiro punto do sistema hidráulico co eixe de simetría do apeiro

ENGANCHE AOS TRES PUNTOS DO TRACTOR

1. APROXIMACIÓN *(continuación)*

- . Buscar a altura axeitada, de tal xeito que as rótulas dos brazos inferiores se atopen á altura dos tocos das barras do apeiro
- . En aproximacións non precisas, é preferible que o enganche aos tres puntos quede pegado ao enganche do apeiro

2. ENSAMBLAXE

- . Enganche automático: realizarao un único operario dende a cabina
- . Enganche con presenza dun axudante: ter en conta



O condutor do tractor manexará o acelerador e o embrague con extremada suavidade



Nunca ter ensamblada a marcha atrás mentres exista algunha persoa entre o tractor e o apeiro



Tras efectuar o enganche, comprobar a adecuada fixación do apeiro e mover de arriba cara a abaixo o sistema hidráulico

- . Manter as portas, as fiestras e a radio apagada para oír as indicacións do axudante e nunca perdelo de vista
- . Se non se entenden con claridade as indicacións, baixar e comprobar que as indicacións son correctas
- . Antepoñer a modificación da lonxitude do suspensor antes que desprazar o tractor

ENVORCADURA E ESMAGAMENTO ENTRE PARTES DO TRACTOR E O CHAN

■ COMO SE PODE PRODUCIR A ENVORCADURA?

1. ENVORCADURA LATERAL

- . Conducir sobre ribadas
- . Aproximarse moito a gabias, presas, pozos etc
- . Xirar cando se conduce demasiado rápido
- . Remolcar unha carga demasiado pesada para controlala



2. ENVORCADURA CARA A ATRÁS (EMPINAR)

- . Enganchar incorrectamente o apeiro ao tractor (pola altura respecto do chan ou a distancia respecto ao eixe traseiro do tractor)
- . Transportar unha carga demasiado pesada
- . Forzar o tractor cando existe resistencia ao avance



■ MEDIDAS DE PROTECCIÓN

- . Estructura de protección (ROPS) homologada ou con seguridade equivalente

. CABINA . BASTIDOR . ARCO OU PÓRTICO

- . **Cinto de seguridade:** Sistema de retención do traballador transportado no tractor que evita o risco de esmagamento entre partes do equipo de traballo

■ MEDIDAS DE PREVENCIÓN



No caso de dispoñer de cabina, levar as portas e as fiestras cerradas



Dispoñer de cinto de seguridade e usalo



Seleccionar adecuadamente os apeiros que se vaian enganchar ao tractor

- . Se se produce unha envorcadura, o condutor permanecerá dentro do tractor e agarrarase fortemente ao volante ou a algunha asa. Nunca saltar cara ao exterior
- . Abater as estruturas de protección só nos casos imprescindibles (invernadoiros, árbores) e sempre cun manexo adecuado
- . Empregar o peche de bloqueo dos freos en circulación e transporte, co fin de pisar os freos simultaneamente
- . Adaptar a velocidade ao tipo de camiño polo que se circule e extremar as precaucións cando se traballe en pendente
- . Non forzar o tractor se existe resistencia ao avance e non efectuar viraxes bruscas, principalmente se se vai cun apeiro arrastrado (remolque, cisterna, etc)

ENVORCADURA E ESMAGAMENTO ENTRE PARTES DO TRACTOR E O CHAN

■ NA COMPRA DUN TRACTOR HAI QUE TER EN CONTA:

1. Debe dispoñer de estrutura de protección homologada: cabina, bastidor, pórtico ou arco
2. Ha de dispoñer de dous puntos de amarre (segundo o tipo de tractor)

■ QUE OCORRE COS TRACTORES POSTOS Á DISPOSICIÓN DOS TRABALLADORES?

Deberán cumprir as condicións mínimas aplicables aos equipos de traballo (Real decreto 1215/1997) e a marcación CE



■ RISCO DE ENVORCADURA

No caso de tractores moi antigos que non dispoñan de estrutura de protección:

O empresario está obrigado a instalar unha estrutura de protección. Ten dúas opcións:

A) SE EXISTE

- . Debe ser a que se instale
- . Acreditalo documentalmente
- . A estrutura de protección figurará autorizada na tarxeta de inspección técnica

B) SE NON EXISTE

- . Instalar unha estrutura que cumpra coas condicións esixidas na normativa
- . Non afectará negativamente as funcións de seguridade do tractor e de seguridade viaria
- . A estrutura de protección figurará autorizada na tarxeta de inspección técnica

■ RISCO DE ESMAGAMENTO ENTRE PARTES DO TRACTOR E O CHAN

A instalación do cinto de seguridade é obrigatorio cando o tractor se pon á disposición dos traballadores



ATRAPAMENTO POLA TOMA DE FORZA E O EIXE CARDÁN

■ COMO SE PODE PRODUCIR O ATRAPAMENTO?

Sempre que a toma de forza estea accionada:



Ao subir e baixar do tractor pola parte traseira




Ao pasar por encima de elementos da toma de forza



Nos labores de mantemento da toma de forza

. Outras operacións que se realicen próximas á toma de forza

■ ELEMENTOS DE PROTECCIÓN DOS QUE SE DEBE DISPOÑER



PROTECTOR DAS XUNTAS CARDÁN

PROTECTOR DO EIXE CARDÁNICO

PROTECTOR DA TOMA DE FORZA



PROTECTOR SUPLEMENTARIO, non rotativo, para cubrir completamente a toma de forza cando esta non se utilice (debe entregarse co tractor)

ATRAPAMENTO POLA TOMA DE FORZA E O EIXE CARDÁN

■ MEDIDAS DE PROTECCIÓN



Non levar roupa frouxa nin o pelo solto



Montar o eixe cardánico coa toma de forza desconectada, o motor parado e a chave de arranque do tractor sacada



Non permanecer próximo á toma de forza e ao eixe cardán en movemento



Elementos de protección en bo estado e colocados axeitadamente

- . Antes de poñer en marcha a toma de forza, elixir axeitadamente a velocidade de xiro do traballo
- . Non subir e baixar do tractor pola parte traseira
- . Non subir ao tractor utilizando a coiraza protectora, nin ir subido nel co tractor en marcha
- . Desconectar sempre a toma de forza cando se vaia realizar algún axuste na parte posterior do tractor
- . Evitar que o eixe cardánico permaneza enganchado á toma de forza e ha de descansar no chan polo outro extremo
- . Colocar o protector non rotativo para cubrir completamente a toma de forza cando esta non se utilice

SEGURIDADE VIARIA NA CONDUCIÓN

Convén ter en conta os seguintes requisitos e recomendacións cando se use o tractor:



- . Para poder circular polas vías públicas, os vehículos agrícolas deben estar homologados e matriculados
- . Elementos de seguridade viaria obrigatorios e en bo estado. Exemplo: espello retrovisor esquerdo, iluminación, etc



Sinalización luminosa V-2: Xirafaro

- . Sinal constituído por unha luz de cor amarela autohomologada
- . Debe ser visible a 100 m tanto de día coma de noite

Sinalización V-4: sinalización de limitación de velocidade



ITV:

- . Exento: os 8 primeiros anos
- . Bienal: 8 -16 anos
- . Anual: 16 anos
- . Excepto motocultores, motoaixadas etc, non é obrigatoria a ITV

SEGURIDADE VIARIA NA CONDUCIÓN

Convén ter en conta os seguintes requisitos e recomendacións cando se use o tractor:



. Cinto de seguridade: dispoñer del e empregalo (sempre que exista dispositivo de protección contra envorcadura)

. Permiso de circulación:

Xeral: permiso clase B

Basta coa licenza de condución (idade mínima 16 anos) cando:

. A masa ou as dimensións do vehículo agrícola non exceden as máximas autorizadas

. A velocidade máxima por construción non excede de 45 km/h

■ MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE A CHOQUES CONTRA VEHÍCULOS E ATROPELOS

. Cumprir as normas de circulación e posuír un carné axeitado ao vehículo que se conduce

. Na vía pública, de ser o caso, levar a máquina en posición de transporte

. Dispoñer en bo estado e empregar os sistemas de visualización da máquina

. Non baixar do vehículo en marcha

. Respetar a distancia de seguridade de traballo

. De haber axudante para o enganche e o desenganche dos apeiros, non permitir que se achegue ata deter o vehículo

SEGURIDADE VIARIA NA CONDUCIÓN

■ MEDIDAS DE CONDUCIÓN RESPONSABLE

- . Cumprir as normas de circulación e posuír o carné axeitado ao vehículo que se conduce
- . Velocidade axeitada: diminuír a velocidade nas pistas agrarias ou forestais ou en terreos abruptos
- . Distracción cero: manter unha continua atención a condución
- . Estacionamento seguro: ao parar, poñer o freo, apagar o motor e retirar a chave
- . Revisión periódica dos sistemas de dirección, dos freos, do estado das rodas, do embrague, dos enganches, etc
- . Respetar o número máximo de pasaxeiros do vehículo indicado polo fabricante



■ MEDIDAS PREVENTIVAS XERAIS

- . Vixilancia da saúde dos condutores, especialmente os de idade avanzada
- . Utilizar, cando se circula en vehículos, sistemas de mans libres para teléfonos móbiles ou outros dispositivos
- . Se se transportan persoas e equipos de traballo no mesmo vehículo, debe dispoñerse de compartimentos á parte para a ferramenta que irá perfectamente suxeita para evitar que se desprace e que golpee as persoas ocupantes
- . Non consumir bebidas alcohólicas nin drogas

A MOTOSERRA

Cómpre realizar as seguintes operacións para traballar con seguridade cando se empregue a motoserra

■ 1. PLANIFICAR E ORGANIZAR O TRABALLO

Elección da máquina:

Hai que ter en conta:

. As condicións do operador da máquina (habilidade e experiencia no traballo con motoserras)

. As características do traballo que se realizará (tamaño da madeira, frecuencia de utilización e a contorna na que se vai desenvolver o traballo)

Prestar atención principalmente:

. Elección da lonxitude da espada, en función do diámetro das árbores que se van cortar (a lonxitude idónea estímase en algo máis da metade do diámetro)

. A cilindrada do motor e a potencia da motoserra (a maior cilindrada e potencia, maior tamaño da motoserra, polo que resulta necesario un maior nivel de habilidade e experiencia)



■ 2. EQUIPARSE COS EPI NECESARIOS

. Casco

. Protectores auditivos

. Pantalla facial

. Lentes de protección

. Pantalón de seguridade con protección anticorte

. Botas de seguridade con punteira reforzada

. Luvas anticorte

. Caixa de primeiros auxilios

. Chifre e teléfono móbil ou equipo de radiocomunicación



A MOTOSERRA

Cómpre realizar as seguintes operacións para traballar con seguridade cando se empregue a motoserra

■ 3. REVISIÓN E POSTA A PUNTO DA MÁQUINA:

Principalmente filtros, afiado da cadea e axuste da tensión e dispositivos de seguridade

■ 4. RECARGA DE FORMA SEGURA:

Co motor apagado, empregando bidóns homologados, sen derramar combustible ou aceite. Non fumar



■ 5. ARRANQUE DA MOTOSERRA:

. Intentar arrincala lonxe do lugar de recarga

. A forma máis segura é tirando da correa coa man máis destra, coa motoserra apoiada no chan, sólidamente suxeita cun pé e co freo de cadea operativo

. Está totalmente prohibido arrincar a motoserra no aire



■ 6. CORTE COA MOTOSERRA:

Non cortar coa punta da espada. Ao cortar coa parte superior da punta pódese producir un rebote cara ao operario. Para evitalo débese:

. Suxeitar firmemente a motoserra, ben asida con ambas as dúas mans

. Cortar a pleno gas

. Fixarse na punta da espada

. Practicar o “corte en punta” unicamente se se posúe experiencia con esta técnica

. Traballar coa cadea correctamente afiada e tensada



■ 7. TRASLADO DA MOTOSERRA, sempre co motor apagado e coa cadea protexida coa funda

A MOTOSERRA – TAREFA DE CORTE POLO PÉ



1. Planificar, organizar e coordinar o traballo con outros operarios




2. Sinalizar debidamente a zona de traballo, especialmente en camiños e estrada

3. Respetar a distancia de seguridade con outros operarios




Mínimo 2,5 veces a altura da árbore



4. Seleccionar a árbore que se vai cortar, estudar a dirección de caída e limpar as zonas de escape



5. Facer un corte aberto, chamado de entalladura, no lado cara a onde se quere dirixir a caída, e despois un corte recto, chamado de caída, no lado oposto á dirección da corta polo pé, deixando unha pequena franxa sen cortar para que actúe como un eixo ou bisagra ao redor do cal virará a árbore ao caer



A MOTOSERRA – TAREFA DE DERRAMADO



1. A altura de traballo debe ser entre os xeonllos e a cadeira, cos pés ben asentados no chan, hai que traballar sempre só na árbore e, se houberse pendente, debe facerse dende o lado superior
2. Comezar na pola parte máis grosa da árbore ata a máis estreita e evitar colocar os pés onde caen as pólas
3. Durante o corte, procurar que a motoserra descanse na árbore deixando que actúe como unha panca, cortando alternativamente coa parte da cadea que corre cara atrás e cara a adiante, co fin de aliviar os esforzos
4. En pólas grosas, sometidas a tensión, realizar previamente un ou varios cortes para evitar que a espada quede aprisionada
5. Empregar o método máis axeitado de corte en función do tamaño e distribución das pólas:
 - . Con pólas agrupadas en verticilos empregase o método de panca
 - . Con pólas delgadas espalladas ao longo do tronco utilízase o método do péndulo



6. Manter unha postura segura e cómoda

A MOTOSERRA – TAREFA DE TORADO



1. Analizar as posibles tensións e, se fose necesario, realizar as marcas e empezar a cortar polo lado de maior diámetro
2. Non traballar máis dunha persoa no tronco e impedir a presenza de espectadores doutros operarios na zona de traballo



Mínimo 5 metros ou dúas veces a largura da torada

3. Traballar sempre dende o chan e despexar de atrancos na zona de traballo. Cando se traballe en pendente, situarse sempre na parte superior



4. Antes de efectuar os cortes, asentar firmemente os pés e evitar situalos debaixo da área de caída das toradas
5. Comezar o corte polo lado do tronco sometido a esforzos de compresión, profundando non máis da terceira parte do diámetro, para completar o corte polo lado oposto, sometido a tensións de tracción
6. Manter unha postura segura e cómoda e, se fose necesario, utilizar ferramentas auxiliares para evitar esforzos

A MOTOSERRA – ELEMENTOS DE SEGURIDADE

ESCAPE CON SILENCIADOR /
APAGACHISPAS

FREIO DE CADEA E PROTECTOR
DA MAN ESQUERDA

FREIO DE CADEA
DA MAN DEREITA

FIADOR DO
ACELERADOR



PIÑÓN DE
REENVÍO

CADEA DE
SEGURIDADE

CAPTOR
DE CADEA

SISTEMA
AMORTECEDOR

ACELERADOR

PLACA PROTECTORA
DA MAN DEREITA
FRONTE A ROTURAS
DE CADEA

FUNDA PROTECTORA DA ESPADA



A MOTOSERRA – ELEMENTOS DE SEGURIDADE

■ EQUIPO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)

PROTECCIÓN DA CABEZA




PROTECCIÓN OCULAR



PROTECCIÓN AUDITIVA



PROTECCIÓN FACIAL



PROTECCIÓN DE MANS E BRAZOS



PROTECCIÓN DE PÉS E PERNAS



PROTECCIÓN LUMBAR



VESTIARIO DE PROTECCIÓN



LEMBRE!! Os traballadores recibirán formación teórica e práctica en materia preventiva e serán informados dos procedementos seguros para a realización do seu traballo e para a correcta utilización dos equipos de traballo

A ROZADOIRA

Estas indicacións axudarán a evitar un accidente se se fan traballos coa rozadoira



1. Planificar e organizar o traballo. Elixir e empregar os elementos de corte recomendados polo fabricante segundo a vexetación que se vaia cortar



2. Equiparse cos epi necesarios

- . Casco
- . Protectores auditivos
- . Pantalla facial
- . Lentes de protección
- . Luvas de seguridade
- . Roupa de seguridade
- . Botas de seguridade con punteira reforzada



3. Revisión e posta a punto da máquina

Comprobar o bo estado e afiado das ferramentas de corte e das súas suxeicións e o correcto funcionamento dos elementos de seguridade

A ROZADOIRA

**4. Recarga de forma segura:**

Co motor apagado e frío, empregando bidóns homologados, sen derramar combustible ou aceite. Non fumar


**5. Colocación e axuste do arnés:**

Axustar a altura da máquina en función da altura do operario, segundo as instrucións do fabricante

**6. Acendido:**

Realizárase de xeito que o elemento de corte non bata no chan e suxeitarase o grupo motor, e non poderá haber outras persoas nun raio de 15 m

A ROZADOIRA



7. Roza:

- . Non retirar nin desprazar as proteccións
- . Manter a distancia de seguridade > de 15 m
- . Co cabezal de corte para cortar herba, manexar a máquina coma unha gadaña
- . Con coitelas trituradoras e de maleza, atacar a vexetación de arriba a baixo e sen levantar o elemento de corte por riba da cintura
- . Coa serra circular, traballar no sector A do disco e evitar sempre o C para evitar riscos
- . Situar a máquina no lado dereito do operario



8. Transporte:

- . Apagar a máquina sempre nos desprazamentos, e asegurar a máquina no vehículo, para evitar derramos de combustible ou aceite

A ROZADOIRA – ELEMENTOS DE SEGURIDADE

SILENCIADOR

ACELERADOR E FIADOR DE
ACCELERACIÓNPROTECCIÓN DO
CABEZAL DE CORTECOPETE OU
DISCO DE APOIOANEL DE AXUSTE
PARA AS CORREAS
DE SUXEIÇÃOEMPUÑADURAS ERGONÓMICAS
CO MANDO MULTIFUNCIÓN
INTEGRADOAMORTECEDOR
DAS VIBRACIÓNSARNÉS OU
SISTEMA DE
ENGANCHE

A ROZADOIRA – ELEMENTOS DE SEGURIDADE

■ EQUIPO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)

PROTECCIÓN DA CABEZA




PROTECCIÓN OCULAR



PROTECCIÓN AUDITIVA



PROTECCIÓN FACIAL



PROTECCIÓN DE MANS E BRAZOS



PROTECCIÓN DE PÉS E PERNAS



PROTECCIÓN LUMBAR



VESTIARIO DE PROTECCIÓN



LEMBRE!! O equipo de seguridade non é infalible! Ningunha roupa ou accesorio de seguridade ofrece unha protección absoluta contra as lesións e tampouco substitúe unha técnica de traballo segura. Polo tanto, é imprescindible observar minuciosamente os consellos de seguridade incluídos nas instrucións de uso do equipo de protección individual e do equipo de traballo

PRIMEIROS AUXILIOS

Cómpre que saibamos como actuar diante dun accidente ou dunha emerxencia médica que comprometa a vida ou a saúde dos traballadores



- . Dispoñer de medios de comunicación
- . Establecer un punto de encontro cos equipos de emerxencia de fácil acceso e localización



TELÉFONOS DE INTERESE:

- . Central de emerxencias (na Unión Europea).....112
- . Urxencias e emerxencias sanitarias.....061

■ HAI QUE MANTER A CAIXA DE PRIMEIROS AUXILIOS REVISADA E CONFORME O INDICADO NA NORMATIVA VIXENTE

DEBE CONTER:

Soro fisiolóxico, gasas estériles, algodón, vendas, esparadrapo, apósitos adhesivos, tesoiras, pinzas, luvas desbotables

■ RCP:

A maior complicación que se pode presentar é unha parada cardiorrespiratoria
Cómpre recoñecela e saber facer a reanimación cardiopulmonar (RCP)

1. Determinar a consciencia do accidentado movéndoo e falándolle
2. Abrir a canle respiratoria tirando da cabeza cara a atrás e cara a arriba e comprobar que respira
3. Se o resultado é negativo, avisar a Emerxencias e iniciar a RCP
4. Comezar coas compresións cardíacas intercalando insuflacións de aire nos pulmóns do accidentado

- . Secuencia: 2 insuflacións de aire por cada 30 compresións cardíacas
- . Ritmo: 100 compresións cardíacas por minuto
- . Comprobar periodicamente o estado do paciente



PRIMEIROS AUXILIOS

■ FERIDAS:

- . Lavar con auga corrente e secar
- . Aplicar algún antiséptico
- . Cubrir cun apósito



■ HEMORRAXIAS:

- . Deitar o accidentado
- . Elevar a parte da ferida por riba do corpo
- . Facer presión continua no lugar da hemorraxia




■ QUEIMADURAS:

- . Lavar con auga corrente
- . Non romper as ampolas
- . Cubrir cun apósito
- . Nas grandes queimaduras, non tirar da roupa, agás se se trata dunha queimadura química



■ COMO RECOÑECER UNHA FRACTURA:

- . Imposibilidade de mover o membro afectado
- . Dor na zona fracturada
- . Ás veces, deformación ou simple inchazón



■ COMO ACTUAR FRONTE A UNHA FRACTURA:

- . Non intentar endereitar o membro ou manipular a fractura
- . Inmobilizar a fractura collendo sempre a articulación superior e inferior
- . No caso de fractura aberta, aplicar un apósito estéril sobre a ferida
- . Nas fracturas de columna, evitar a flexión desta



DANOS NA SAÚDE

■ DANOS XERAIS

Derivados do estrés ou da fatiga. Por exemplo: ansiedade, alteracións do sono, etc

Derivados de traballar ao aire libre (condicións climáticas)

Por calor, frío, radiacións solares, etc

. Golpe de calor:

Os síntomas son:

- . Fatiga
- . Sede intensa
- . Vertixe
- . Confusión mental
- . Náuseas
- . Vómitos
- . Cambra
- . Convulsións



. Frío (aparición de frieiras):

Son inflamacións baixo a pel, con dor derivada do efecto do frío ou da humidade

. Radiacións do sol:

Producen efectos sobre a pel e os ollos; como por exemplo:

- . Queimaduras
- . Hiperqueratose e mesmo cancro da pel



. Derivados dos esforzos realizados, de coller pesos, das posturas, dos movementos repetidos

Por exemplo:

- . Tendinite
- . Síndrome do túnel carpiano
- . Epicondilite
- . Hernia discal
- . Artrose
- . Etc


DANOS NA SAÚDE

■ DERIVADOS DO USO DE MÁQUINAS


- Derivados do ruído que producen as máquinas

Por exemplo: xordeira e nerviosismo, etc


- Derivados de traballar con máquinas que producen vibracións. Por exemplo:



Tendinite: inflamación dun tendón, ben por tensión, dobrado ou por exposición a vibracións



Síndrome túnel carpiano: inflamación no carpo que ao comprimir dá lugar a dor, formigo e adormecemento da man



Epicondilitis: por desgaste nos codos, os tendóns irítanse e producen dor ao longo do brazo



Hernia discal: alteración de disco intervertebral, o que pode afectar os nervios



Artrose: proceso dexenerativo das articulacións



Dedos brancos: formigo e adormecemento dos dedos das mans asociado ao uso de ferramentas vibrátiles

DANOS NA SAÚDE

■ PRINCIPAIS PATOLOXÍAS



Traumatismos musculoesqueléticos:

Derivan en accidentes de traballo

Por exemplo:

- . Fracturas
- . Lumbalxias
- . Lesións traumáticas diversas de tendóns
- . Articulacións
- . Torceduras
- . Etc



Trastornos musculoesqueléticos:

Derivan en enfermidades profesionais

Por exemplo:

- . Tendinite no ombreiro, na man
- . Síndrome do túnel carpiano
- . Epicondilite
- . Etc



Enfermidades osteoarticulares ou anxioneuróticas
por vibracións mecánicas:

Derivan en enfermidades profesionais

- . Síndrome de Raynaud ou dos dedos brancos
- . Síndrome do túnel carpiano
- . Artrose do pulso, do cóbado
- . Etc



Existencia dun cadro coas enfermidades
profesionais recoñecidas

REAL DECRETO 1299/2006, do 10 de novembro,
polo que se aproba o cadro de enfermidades
profesionais no sistema da Seguridade Social e polo
que se establecen criterios para a súa notificación e
registro

LEXISLACIÓN

Preséntase nesta ficha unha relación non exhaustiva da lexislación e normativa aplicable ao sector agrario

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE núm. 269, do 10 de novembro)

Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo (BOE núm. 97, do 23 de abril)

Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención (BOE núm. 27, do 31 de xaneiro)

Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo (BOE núm. 97, do 23 de abril)

Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais (BOE núm. 298, do 13 de decembro)

Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e a posta en servizo das máquinas (BOE núm. 246, do 11 de outubro de 2008)

Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais (BOE núm. 27, do 31 de xaneiro, corrección de erros no BOE núm. do 10 de marzo 2004)

Real decreto 773/2004, do 30 de xaneiro, sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización de equipos de protección individual por parte dos traballadores (BOE núm. 140, do 12 de xuño)

Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización dos equipos de traballo por parte dos traballadores (BOE núm. 188, do 7 de agosto)

Real decreto 2177/2004, do 12 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo (BOE núm. 274, do 13 de novembro)

Real decreto 750/2010, do 4 de xuño, polo que se regulan os procedementos de homologación de vehículos de motor e os seus remolques, máquina autopropulsadas ou remolcadas, vehículos agrícolas, así como de sistemas, partes e pezas dos ditos vehículos (BOE núm. 153, do 24 de xuño)

Real decreto 1311/2005, do 4 de novembro, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos derivados da exposición á vibracións mecánicas (BOE núm. 265, do 5 de novembro)

Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño, sobre caracterización e rexistro de maquinaria agrícola (BOE núm. 170, do 15 de xullo)

Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aprobou o regulamento xeral de vehículos (BOE núm. 22, do 26 de xaneiro)

Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos (BOE núm. 275, do 17 de novembro)

Real decreto 866/2010, do 2 de xullo, polo que se regula a tramitación das reformas de vehículos (BOE núm. 170, do 14 de xullo)

Real decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído (BOE núm. 60, do 11 de marzo)

Referencia normativa actualizada a agosto de 2014



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral



galicia



Prevención de RISCOS co TRACTOR,
a MOTOSERRA e a ROZADOIRA



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA
DE GALICIA